

O 6 de outubro con palabras de Xoan Paulo II

O día da canonización de San Xosemaría as palabras de Xoan Paulo II abriron un panorama en moitos corazóns. O Papa presentaba a Igrexa enteira ao Santo do ordinario. Esta é unha selección das súas palabras.

11-10-2009

"[San Xosemaría] deixouse guiar dócilmente polo Espírito, convencido

de que só así pódese cumprir plenamente a vontade de Deus".

"Non deixaba de invitar aos seus fillos espirituais a invocar ao Espírito Santo para facer que a vida interior - a vida de relación con Deus- e a vida familiar, profesional e social, plena de pequenas realidades terrenas, non estivesen separadas, senón que constituísen unha única existencia 'santa e chea de Deus'. *A ese Deus invisible* -escribiu-, *atopámolo nas cousas máis visibles e materiais*".

"No contexto só aparentemente monótono do normal acontecer terreo, Deus faise próximo a nós e nós podemos cooperar ao seu plan de salvación".

"Elevar o mundo cara a Deus e transformalo dende dentro: hei aquí o ideal que o santo fundador vos indica, queridos irmáns e irmás que hoxe vos alegrades pola súa elevación á gloria dos altares. El

continúa recordándovos a
necesidade de non vos deixar
atemorizar ante unha cultura
materialista, que ameaza con
disolver a identidade máis xenuína
dos discípulos de Cristo".

"Seguindo as súas pegadas, difundide
na sociedade, sen distinción de raza,
clase, cultura ou idade, a conciencia
de que todos estamos chamados á
santidade. Esforzádevos por ser
santos vós mesmos en primeiro
lugar, cultivando un estilo evanxélico
de humildade e servizo, de abandono
na Providencia e de escoita constante
da voz do Espírito. Deste modo,
seredes *sal da terra*"

"A fecundidade do apostolado reside,
ante todo, na oración e nunha vida
sacramental intensa e constante. Este
é, no fondo, o segredo da santidade e
do verdadeiro éxito dos santos".

Ángelus do 7 de outubro de 2002

"Existe un criterio seguro de santidad: a fidelidade no cumprimento da vontade divina ata as últimas consecuencias. O Señor ten un proxecto para cada un de nós; a cada un confía unha misión na terra. O santo non logra nin sequera se concibir a si mesmo fóra do designio de Deus: vive só para realizalo".

"[San Xosemaría] foi o santo do ordinario. En efecto, estaba convencido de que, para quen vive nunha perspectiva de fe, todo ofrece ocasión dun encontro con Deus, todo se converte en estímulo para a oración. A vida diaria, vista así, revela unha grandeza insospeitada. A santidad está realmente ao alcance de todos".

"Ensinou a contemplar o rostro tenro dun Padre no Deus que nos fala a través das máis diversas visitudes da vida. Un Padre que nos ama, que

nos segue paso a paso e nos protexe, compréndenos e espera de cada un de nós a resposta do amor".

"A consideración desta presenza paterna, que o acompaña a tódalas partes, dálle ao cristián unha confianza inquebrantable; en todo momento debe confiar no Padre celestial. Nunca se sente só nin ten medo. Na Cruz -cando se presenta- non vai un castigo senón unha misión confiada polo mesmo Señor. O cristián é necesariamente optimista, porque sabe que é fillo de Deus en Cristo".

"Estamos no mundo para salvalo con Cristo. Amou apaixonadamente o mundo, cun "amor redentor" (cfr. Catecismo da Igrexa Católica, n. 604). Precisamente por iso, as súas ensinanzas axudaron a tantos cristiáns correntes a descubrir a forza redentora da fe, a súa capacidade de transformar a terra".

"[O Fundador do Opus Dei] fomenta a cristianización do mundo *dende dentro*, mostrando que non pode haber conflito entre a lei divina e as esixencias do xenuíno progreso humano. Este sacerdote santo ensinou que Cristo debe ser o cumio de toda actividade humana (cfr. Jn 12,32). A súa mensaxe impulsa o cristián a actuar nos lugares onde se está a forxar o futuro da sociedade".

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/o-6-de-outubro-con-
palabras-de-xoan-paulo-ii/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-6-de-outubro-con-palabras-de-xoan-paulo-ii/) (22-02-2026)